

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

17575 *Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, polo que se regulan supostos de notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, supuxo un avance definitivo na construción e implantación da Administración pública electrónica ao considerar os medios electrónicos como os preferentes para comunicacións entre as distintas administracións públicas, e recoñecer o dereito dos cidadáns á súa utilización nas súas relacións coa Administración.

Esa mesma Lei 11/2007, do 22 de xuño, permite establecer regulamentariamente a obriga de relacionarse coa Administración soamente a través de medios electrónicos ás persoas xurídicas e a aquelas persoas físicas que, atendidas as súas circunstancias, se pode entender que teñen garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

Esta previsión legal foi obxecto dun dobre desenvolvemento.

Por unha banda, no ámbito administrativo xeral, o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, no seu artigo 32, tras dispor que a obrigatoriedade de comunicarse por medios electrónicos cos órganos da Administración xeral do Estado ou cos seus organismos públicos vinculados ou dependentes se poderá establecer mediante orde ministerial, precisa que a dita obriga pode comprender a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos.

O dito real decreto desenvolve no seu artigo 38 a notificación mediante a posta á disposición do documento electrónico a través de enderezo electrónico habilitado, e prevé que existirá un sistema de enderezo electrónico habilitado para a práctica destas notificacións, que quedará á disposición de todos os órganos e organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado que non establezan sistemas de notificación propios.

Doutra banda, no ámbito tributario, o Real decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, introduciu no novo artigo 115 bis do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, unha específica habilitación ás administracións tributarias para acordar a asignación dun enderezo electrónico para a práctica de notificacións a determinados obrigados tributarios, de maneira que tras a publicación oficial do acordo de asignación, e logo de comunicación deste ao obrigado tributario, a Administración tributaria correspondente practicará, con carácter xeral, as notificacións no enderezo electrónico. Ese mesmo precepto precisa que, no ámbito de competencias do Estado, a asignación do enderezo electrónico pola Axencia Estatal de Administración Tributaria así como o seu funcionamento e extensión ao resto da Administración tributaria estatal se regulará por orde do ministro de Economía e Facenda.

Malia esta habilitación para o desenvolvemento por orde ministerial, considérase conveniente que a regulación do marco xeral do establecemento da obrigatoriedade de uso de medios electrónicos nas relacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, dada a estreita relación das notificacións co dereito de defensa, se leve a cabo mediante real decreto aprobado en Consello de Ministros.

Así mesmo, malia a posibilidade que se lles outorga ás administracións tributarias para estableceren sistemas electrónicos de notificación propios, considerouse máis oportuno que a Axencia Estatal de Administración Tributaria se adherise ao sistema de enderezo electrónico habilitado que existe con vocación de xeneralidade no ámbito da Administración do Estado, previsto no artigo 38.2 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro,

respectando ao mesmo tempo todos os dereitos e garantías dos obrigados tributarios que respecto das notificacións en enderezo electrónico se establecen con carácter especial na normativa regulamentaria tributaria.

A opción regulamentaria por este específico sistema de enderezo electrónico habilitado simplifica o réxime previsto no artigo 115 bis do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, ao facer innecesaria a publicación oficial do acordo de asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, sen prexuízo da necesaria comunicación deste ao obrigado tributario con anterioridade á práctica de notificacións no enderezo electrónico habilitado.

II

O ámbito obxectivo do real decreto está recollido no seu artigo 3.

O artigo establece a obriga de utilizar medios electrónicos nas comunicacións e notificacións que deba efectuar a Axencia Estatal de Administración Tributaria ás persoas e entidades comprendidas no ámbito subxectivo do real decreto nas súas actuacións e procedementos tributarios, alfandegueiros e estatísticos de comercio exterior e na xestión recadatoria dos recursos doutros entes e administracións públicas que ten atribuída ou encomendada.

Tras iso, no seu punto segundo, prevé unha serie de supostos nos cales se permite que esas notificacións e comunicacións se realicen por medios non electrónicos. Tal posibilidade responde fundamentalmente á opción elixida polo interesado que compareceu de forma espontánea nas oficinas administrativas ou a razóns de eficacia da actuación administrativa. É este último suposto o que merece destacarse xa que está relacionado coa inevitable demora que leva o transcurso dos dez días que concede a normativa para acceder á comunicación ou notificación electrónica desde a súa posta á disposición no enderezo electrónico habilitado. A concesión dese prazo en ocasións pode impedir realizar no tempo debido as actuacións da Administración tributaria, prexudicando con iso ou mesmo eliminando a eficacia do acto de que se trate. Este resultado produciríase en todos aqueles casos en que a Administración tributaria tivese que practicar por vía electrónica unha comunicación ou notificación para a realización de actuacións que, conforme a norma que as regula, teñen un carácter inmediato ou que se deben realizar cunha celeridade tal que resulta incompatible cunha demora de dez días para a práctica da notificación. Esa demora resultaría aínda máis inxustificable cando a notificación non electrónica se pode practicar de forma inmediata e persoal ao obrigado tributario ou ao seu representante que están en contacto de forma presencial coa Administración tributaria, como ocorre, por exemplo, no curso das actuacións de comprobación ou inspección. Por tanto, para evitar que esa demora asociada á práctica da notificación electrónica puidese prexudicar ou eliminar a eficacia das actuacións da Facenda pública, permítuselle á Administración tributaria optar pola notificación non electrónica en todos aqueles casos en que a comunicación ou notificación electrónica resulte incompatible coa inmediatez ou celeridade que requira a actuación administrativa para asegurar a súa eficacia.

No seu punto terceiro, o artigo establece outra serie de supostos nos cales en ningún caso se permite que se efectúen no enderezo electrónico habilitado notificacións e comunicacións (así, cando razóns técnicas impidan a conversión en formato electrónico, cando se deban practicar mediante comparecencia ou outra forma non electrónica por imposición da normativa específica, ou cando se trate de procedementos electrónicos que teñen unha regulación específica). Dentro destas comunicacións e notificacións que non cabe efectuar no enderezo electrónico habilitado inclúense as que efectúe a Axencia Estatal de Administración Tributaria na tramitación das reclamacións económico-administrativas, xa que tales comunicacións e notificacións non as deberá realizar no seo de actuacións e procedementos tributarios, alfandegueiros e estatísticos de comercio exterior nin na xestión recadatoria dos recursos doutros entes. Estas comunicacións e notificacións, en canto que se deberán efectuar na tramitación das reclamacións económico-administrativas, deberanse axustar á regulación que sobre elas contén a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e o Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se

aproba o Regulamento en materia de revisión en vía administrativa, quedando por iso fóra do ámbito deste real decreto.

III

O ámbito subxectivo do real decreto está recollido no seu artigo 4.

Conforme os artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e 115 bis do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, as concretas persoas xurídicas e entidades ás cales se lles impón a obriga de recibiren por medios electrónicos as comunicacións e notificacións que no exercicio das súas competencias lles dirixa a Axencia Estatal de Administración Tributaria, teñen garantido por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros medios acreditados, o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

No caso concreto das sociedades mercantís, tanto anónimas como de responsabilidade limitada, considerouse que todas elas, independentemente da súa dimensión, dispoñen dos medios tecnolóxicos precisos para seren incluídas no sistema de notificación en enderezo electrónico habilitado. Estas entidades xa están hoxe obrigadas a presentar telematicamente a maioría das súas declaracións tributarias, polo que tales entidades contan hoxe coa capacidade necesaria para o acceso aos medios técnicos precisos para recibir notificacións e comunicacións por medios electrónicos. A normativa mercantil imponlles a todas esas entidades obrigas contables e rexistras que implican unha capacidade técnica, económica e organizativa maior que a que lles puidese exixir a inclusión no sistema de notificación en enderezo electrónico habilitado. Por outra banda, hoxe en día existe un uso xeneralizado dos medios electrónicos para as comunicacións, o que permite considerar que as sociedades mercantís non son alleas a esa realidade social e non encontrarán dificultades para dispor dos medios tecnolóxicos precisos para seren incluídas no sistema de enderezo electrónico habilitado.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os supostos en que as persoas e entidades que se detallan no artigo 4 están obrigadas a recibir por medios electrónicos as comunicacións e notificacións administrativas que lles realice a Axencia Estatal de Administración Tributaria no exercicio das súas competencias.

Artigo 2. *Sistema de notificación en enderezo electrónico habilitado.*

A Axencia Estatal de Administración Tributaria practicaralles notificacións electrónicas ás persoas e entidades comprendidas neste real decreto mediante a adhesión ao sistema de notificación en enderezo electrónico regulado na Orde PRE/878/2010, do 5 de abril, pola que se establece o réxime do sistema de enderezo electrónico habilitado previsto no artigo 38.2 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. As persoas e entidades a que se refire o artigo seguinte estarán obrigadas a recibir por medios electrónicos as comunicacións e notificacións que efectúe a Axencia Estatal de Administración Tributaria nas súas actuacións e procedementos tributarios, alfandegueiros e estatísticos de comercio exterior e na xestión recadatoria dos recursos doutros entes e administracións públicas que ten atribuída ou encomendada, logo de recepción da comunicación regulada no artigo 5.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá practicar as notificacións polos medios non electrónicos e nos lugares e formas previstos nos artigos 109 a 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos seguintes supostos:

a) Cando a comunicación ou notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do obrigado ou do seu representante nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento. Esta opción non corresponderá ao obrigado cando concorran as circunstancias previstas na letra b) seguinte.

b) Cando a comunicación ou notificación electrónica resulte incompatible coa inmediatez ou celeridade que requira a actuación administrativa para asegurar a súa eficacia.

c) Cando as comunicacións e notificacións fosen postas á disposición do prestador do servizo de notificacións postais para a súa entrega aos obrigados tributarios con antelación á data en que a Axencia Estatal de Administración Tributaria teña constancia da comunicación ao obrigado da súa inclusión no sistema de enderezo electrónico habilitado.

3. Se nalgúns dos supostos referidos no punto anterior a Axencia Estatal de Administración Tributaria chegase a practicar a comunicación ou notificación por medios electrónicos e non electrónicos, entenderanse producidos todos os efectos a partir da primeira das comunicacións ou notificacións correctamente efectuada.

4. En ningún caso se efectuarán no enderezo electrónico habilitado as seguintes comunicacións e notificacións:

a) Aquelas en que o acto que se pretende notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.

b) As que, conforme a súa normativa específica, se deban practicar mediante comparecencia no domicilio fiscal do obrigado ou noutro lugar sinalado para o efecto pola normativa ou en calquera outra forma non electrónica.

c) As que efectúe a Axencia Estatal de Administración Tributaria na tramitación das reclamacións económico-administrativas.

d) As que conteñan medios de pagamento a favor dos obrigados, tales como cheques.

e) As dirixidas ás entidades de crédito adheridas ao procedemento para efectuar por medios electrónicos o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito.

f) As dirixidas ás entidades de crédito que actúen como entidades colaboradoras na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no desenvolvemento do servizo de colaboración.

g) As dirixidas ás entidades de crédito adheridas ao procedemento electrónico para o intercambio de ficheiros entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as entidades de crédito, no ámbito das obrigas de información á Administración tributaria relativas a extractos normalizados de contas correntes.

h) As que se deban practicar con ocasión da participación por medios electrónicos en procedementos de alleamento de bens desenvolvidos polos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5. As notificacións correspondentes a procedementos iniciados por solicitude do interesado nos cales este ou o seu representante sinalasen un lugar para notificacións distinto do enderezo electrónico habilitado dun ou doutro, practícaranse no lugar sinalado polo interesado ou polo seu representante. Cando, tras dous intentos, non sexa posible efectuar a notificación no lugar sinalado polo interesado ou polo seu representante por causas non imputables á Administración, a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá practicar a notificación no enderezo electrónico habilitado do representante ou do interesado se aquel non o tiver ou este non actuar por medio de representante.

Artigo 4. *Persoas e entidades obrigadas.*

1. Estarán obrigados a recibir por medios electrónicos as comunicacións e notificacións administrativas que no exercicio das súas competencias lles dirixa a Axencia Estatal de Administración Tributaria as entidades que teñan a forma xurídica de sociedade anónima (entidades con número de identificación fiscal -NIF- que empece pola letra A), sociedade de responsabilidade limitada (entidades con NIF que empece pola letra B), así como as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española (NIF que empece pola letra N), os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español (NIF que empece coa letra W), as unións temporais de empresas (entidades cuxo NIF empeza pola letra U), e as entidades cuxo NIF empece pola letra V e se corresponda cun dos seguintes tipos: agrupación de interese económico, agrupación de interese económico europea, fondo de pensións, fondo de capital risco, fondo de investimentos, fondo de titulización de activos, fondo de regularización do mercado hipotecario, fondo de titulización hipotecaria ou fondo de garantía de investimentos.

2. Igualmente, con independencia da súa personalidade ou forma xurídica, estarán obrigadas a recibir por medios electrónicos as comunicacións e notificacións administrativas que lles practique a Axencia Estatal de Administración Tributaria as persoas e entidades en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que estean inscritas no Rexistro de Grandes Empresas regulado polo artigo 3.5 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

b) Que optasen pola tributación no réxime de consolidación fiscal, regulado polo capítulo VII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

c) Que optasen pola tributación no réxime especial do grupo de entidades, regulado no capítulo IX do título IX da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

d) Que estean inscritas no Rexistro de Devolución Mensual, regulado no artigo 30 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

e) Aquelas que teñan unha autorización en vigor do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a presentación de declaracións alfandegueiras mediante o sistema de transmisión electrónica de datos (EDI), de acordo co disposto no artigo 4 bis do Regulamento (CEE) 2454/93 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, polo que se fixan determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) 2913/92, do Consello, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario.

3. O obrigado será excluído do sistema de enderezo electrónico habilitado cando deixaren de concorrer nel as circunstancias que determinaron a súa inclusión neste, sempre que así o solicite expresamente, por medio de solicitude específica presentada por medios electrónicos na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria disporá do prazo dun mes para resolver sobre a solicitude.

No caso de que o acordo sexa estimatorio, deberá conter a data desde a cal é efectiva a exclusión do sistema e deberase notificar no lugar sinalado para o efecto polo interesado ou polo seu representante ou, na súa falta, no enderezo electrónico habilitado dun ou doutro. A data de efectividade da exclusión non poderá exceder un mes desde a data en que se ditase a resolución.

No caso de que o acordo sexa denegatorio, por entenderse que non deixaron de cumprirse as circunstancias determinantes da inclusión no sistema de notificación en enderezo electrónico habilitado, deberase notificar no lugar sinalado para o efecto polo

interesado ou polo seu representante ou, na súa falta, deberase pór no prazo dun mes á disposición do obrigado no enderezo electrónico habilitado dun ou doutro.

No caso de que no prazo dun mes non se resolvese expresamente a solicitude de exclusión, entenderase que, a partir do vencemento do dito prazo, o obrigado deixa de estar incluído no sistema de notificación en enderezo electrónico habilitado. Esta exclusión pola falta de resolución en prazo terá a mesma eficacia que se se ditase resolución estimatoria en prazo. O anterior non será obstáculo para que, se seguen concorrendo as circunstancias determinantes da inclusión no sistema de notificación en enderezo electrónico habilitado, a Axencia Estatal de Administración Tributaria poida notificarlle ao obrigado a súa nova inclusión no dito sistema conforme o artigo 5.

Artigo 5. *Comunicación da inclusión.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria deberalles notificar aos suxeitos obrigados a súa inclusión no sistema de enderezo electrónico habilitado. Esta notificación efectuarase polos medios non electrónicos e nos lugares e formas previstos nos artigos 109 a 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Adicionalmente, a Axencia Tributaria incorporará estas comunicacións na súa sede electrónica (<https://www.agenciatributaria.gob.es/>) para os efectos de que poidan ser notificadas aos seus destinatarios mediante comparecencia electrónica cos requisitos e condicións establecidos no artigo 40 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Nos supostos de alta no Censo de obrigados tributarios, a notificación da inclusión no sistema de enderezo electrónico habilitado poderase realizar xunto á correspondente á comunicación do número de identificación fiscal que lle corresponda.

3. Cando, en aplicación do punto 1 anterior, se practique a notificación da inclusión no sistema de enderezo electrónico habilitado, por medios electrónicos e non electrónicos, entenderanse producidos todos os efectos a partir da primeira das notificacións correctamente efectuada.

Artigo 6. *Práctica de notificacións.*

1. O acceso ás notificacións practicadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante o sistema a que se refire o artigo 2 deste real decreto será efectuada polos suxeitos obrigados na forma que establece a Orde PRE/878/2010, do 5 de abril, pola que se establece o réxime do sistema de enderezo electrónico habilitado previsto no artigo 38.2 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, así como mediante ligazón desde a sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, identificándose mediante un sistema de sinatura electrónica conforme coa política de sinatura electrónica e certificados no ámbito da Administración xeral do Estado.

2. As persoas xurídicas e entidades sen personalidade poderán acceder co sistema de sinatura electrónica correspondente á persoa xurídica ou entidade, así como co das persoas que acreditasen a súa representación coa correspondente inscrición no Rexistro de Apoderamentos da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3. No caso de outorgamento de poder, debidamente inscrito no rexistro antes mencionado, para a recepción electrónica de comunicacións e notificacións, o acceso ao enderezo electrónico habilitado poderá ser realizado tanto polo interesado como polo seu representante; este último deberase acreditar co seu correspondente sistema de sinatura electrónica.

4. No suposto recollido na letra e) do artigo 4.2 anterior, as correspondentes comunicacións e notificacións dirixiranse ao enderezo electrónico habilitado do titular da autorización a que se fai referencia no dito punto.

5. A Axencia Estatal de Administración Tributaria certificará a notificación dun acto a través do enderezo electrónico habilitado, conforme a información que deba remitir o prestador do servizo de enderezo electrónico habilitado. Esta certificación, que se poderá xerar de maneira automatizada, incluirá a identificación do acto notificado e o seu

destinatario, a data en que se produciu a posta á disposición e a data do acceso ao seu contido ou en que a notificación se considerou rexeitada por ter transcorrido o prazo legalmente establecido.

Disposición adicional primeira. *Remisión ao réxime de enderezo electrónico habilitado.*

As referencias efectuadas neste real decreto á Orde PRE/878/2010, do 5 de abril, pola que se establece o réxime do sistema de enderezo electrónico habilitado previsto no artigo 38.2 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, entenderanse realizadas, así mesmo, a calquera disposición pola cal se regule o dito sistema de enderezo electrónico habilitado

Disposición adicional segunda. *Aplicación supletoria do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

Para o non disposto neste real decreto aplicarase supletoriamente o disposto no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ